

17º congreso mundial  
de educación social:  
*O educador e a educadora  
social nun mundo  
globalizado*



decembro

Nº 22 | Decembro de 2008 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º  
15702 Santiago de Compostela  
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274  
ceesg@colexioeducadores.com  
www.colexioeducadores.com

## BOLSAS PARA O 17º CONGRESO MUNDIAL DE EDUCACIÓN SOCIAL

As persoas beneficiarias poden obter axudas do 60% do custo de inscrición ao Congreso.

Para incentivar a participación das educadoras e educadores sociais españois no **17º Congreso Mundial da Educación Social**, que se celebrará en Copenhague do **4 ao 7 de maio de 2009**, o CGCEES concederá ata un total de 20 bolsas que cubrirán o 30% do custo de inscrición. Estas bolsas serán destinadas a educadoras e educadores sociais de todo o estado.

Dende o CEESG apostamos pola presenza das educadoras e educadores sociais de Galicia neste congreso internacional, polo que reforzaremos as axudas ofrecidas polo CGCEES cunha segunda bolsa que cubrirá outro 30% do importe de inscrición, ata un máximo de 5 bolsas. Deste xeito, contarase cunha **axuda do 60% (240 €) para asumir o custo de inscrición** (400 €).

### CÓMO SOLICITAR AS BOLSAS

O **CEESG** será a entidade mediadora entre as persoas colexiadas en Galicia e o CGCEES para a petición das bolsas, polo que as solicitudes deben ir dirixidas ao noso colexio.

- Será requisito para a concesión da bolsa presentar unha **comunicación**, que debe ser enviada á organización do congreso nos termos manifestados pola mesma e copia á entidade mediadora para a concesión da bolsa (neste caso o CEESG), así como a posterior aceptación da comunicación. Estudarase a posibilidade de facilitar bolsa a persoas interesadas que teñan unha comunicación non aceptada pola organización do congreso. Nese caso, o CGCEES poderá asignar encargos concretos no Congreso.
- Concederanse segundo o criterio que establece o CGCEES.

#### Pasos a seguir:

1. Presentar unha comunicación no Congreso. (Prazo límite: 1 de febreiro de 2009) (As condicións para presentación de comunicacións podedes consultalas na nosa web ou na propia web do congreso: [www.aieji2009.dk](http://www.aieji2009.dk)).
2. Enviar por email copia da comunicación ao CEESG, xunto coa solicitude das bolsas que podedes descargar na nosa web)
3. Recibir confirmación de aceptación ou non da comunicación por parte do Congreso (a or-

ganización do congreso fará estas confirmacións sobre o 15 de marzo), enviando inmediatamente ao CEESG copia da aceptación, no seu caso.

4. Esperar a recibir confirmación por parte do CEESG da concesión da bolsa.
5. Efectuar o pago do que reste da cota de inscrición ao Congreso na conta bancaria que indicará o CEESG (non será a mesma conta de inscrición ordinaria no congreso).
6. O CGCEES procederá á inmediata inscrición das persoas beneficiarias no Congreso.

### O CONGRESO

*17º Congreso Mundial de Educación Social: O educador e a educadora social nun mundo globalizado.*

O congreso mundial da AIEJI celebrarase do 4 ao 7 de maio de 2009 en Copenhague, Dinamarca. Organízao a Asociación Nacional de Educadores Sociales (de Dinamarca) en cooperación coa AIEJI e os sindicatos profesionais dos educadores e educadoras sociais dos demais países nórdicos.

O congreso mundial da AIEJI celébrase cada catro anos e reúne a entre 700 e 1200 participantes. Será sen dúbida unha oportunidade para as educadoras e educadores sociais de coñecer a outros profesionais e experiencias de todo o mundo.

No congreso haberá presentacións, obradoiros, seminarios... para ilustrar a postura das/os educadoras/es sociais fronte aos retos da globalización.

Realizaranse presentacións e seminarios con educadoras/es sociais que participaron en proxectos locais e que teñen unha mensaxe global.

As visitas a proxectos e institucións danesas ofrecerán unha visión do traballo educativo que alí se leva a cabo.

Desexamos que a presenza española entre os congresistas sexa significativa. Dende o colexio animámosvos a facelo.

## ACTUACIONES REALIZADAS

- |  |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"><li>▫ Elaboración dun artigo titulado “Educación Social e Interxeracionalidade”, para a súa futura publicación na revista <i>Espai social</i>, do Colexio Oficial d'Educadores e Educadoras Sociais de la Comunitat Valenciana. Foi elaborado por Paloma Seijo e Montse Sánchez, Vogal e empregada do CEESG respectivamente.</li><li>▫ Publicación o día 14 de decembro en <i>El Correo 2</i> (suplemento dominical de <i>El Correo Gallego</i>) dun artigo sobre o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, incluído nunha reportaxe especial sobre colexios profesionais.</li><li>▫ Envío ao Servizo Galego de Igualdade dunha proposta de actividades a desenvolver durante o ano 2009, consistentes en obradoiros para a prevención da violencia de xénero dirixidos a varios colectivos.</li><li>▫ Asistencia ao Acto de Constitución do Observatorio Galego da Infancia, organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que tivo lugar o día 12 de decembro en Santiago de Compostela. Asistiu Alberto Fernández de Sanmamed Santos, Vogal do CEESG.</li><li>▫ Asistencia á primeira xuntanza da Comisión Interdisciplinar <i>Programa marco de educación familiar</i>, organizada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que tivo lugar o día 19 de decembro en Santiago de Compostela. Asistiu Sofía Riveiro, Vogal do CEESG.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>▫ Participación na II Xornada de Comunicación da Universidade de Vigo e do Eures transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal coas Asociacións e cos Colexios Profesionais, que tivo lugar o día 22 de decembro organizado pola Universidade de Vigo. Asistiu Montse Sánchez, empregada do CEESG.</li><li>▫ Participación na organización, xunto con outras entidades, da Charla-Coloquio “Natcultura”, na que a cooperante Nora Rizzo impartiu unha conferencia sobre unha experiencia socioeducativa en Santo Tomé e Príncipe. Tivo lugar o día 18 de decembro en Santiago de Compostela.</li><li>▫ Envío de escritos de rexeitamento ao V Convenio Colectivo Único de Persoal Laboral da Xunta de Galicia dirixidos á Dirección Xeral de Función Pública e aos sindicatos CC.OO., UXT, CIG, e CSI-CSIF. Tamén se enviou un comunicado de prensa ás principais axencias e medios de comunicación galegos.</li><li>▫ Envío ás Universidades de A Coruña, Vigo e Santiago dunha proposta dun título de Posgrao de Especialista Universitario en Intervención Socioeducativa en Centros Educativos, a organizar conxuntamente entre as tres universidades, Nova Escola Galega e o CEESG.</li><li>▫ Recurso de reposición contra a convocatoria e as bases para a selección de persoal laboral fixo para un posto de traballo de director/a do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá, publicadas no BOP de Lugo de 2 de decembro de 2008. Solicítase o dereito dos habilitados polo CEESG a presentarse á convocatoria.</li></ul> |
|--|--|

## ARTIGO DE INTERESE: A rede EURES

A Rede Eures (European Employment Services) foi creada no ano 1993 pola Comisión Europea e os servizos públicos de emprego dos estados membros, coa finalidade de facilitar a libre circulación de traballadoras e traballadores no Espazo Económico Europeo, contribuíndo tamén así á aplicación dun dereito fundamental dos cidadáns, e ao desenvolvemento dun verdadeiro mercado de emprego europeo.

Os obxectivos da Rede son tres:

- Informar, asesorar e orientar ás candidatas e candidatos á mobilidade sobre as condicións de vida e traballo e sobre as oportunidades de emprego en Europa.
- Axudar a asesorar a empregadoras/es que desexen contratar traballadoras/es doutros países.
- Asesorar e orientar a traballadoras/es empresarias/os de rexións transfronteirizas.

Para acadar estes fins, EURES conta cunha Rede de recursos humanos e cun soporte en liña, o Portal EURES. Entre outras informacións, neste portal pódese acceder ás ofertas de emprego dispoñibles en 31 países, actualizadas en tempo real coas características e requisitos das mesmas, salario e tipo de contrato, empresa e lugar de traballo, etc.

### Para saber máis:

- Portal EURES: <http://eures.europa.eu>
- Seoane Pérez, Emilia (2007): *EURES, a rede europea para a mobilidade e o emprego*, en “Revista Galega do Ensino” nº 51. Xunta de Galicia.
- Seoane Pérez, Emilia (2007): *O acceso ao emprego no mercado laboral europeo: o curriculum vitae europass*, en “Revista Galega do Ensino” nº 50. Xunta de Galicia.

**Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia**



# V

xornada sobre xerontoloxía e educación social:  
INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON PERSOAS MAIORES

- **Organiza:** Grupo de Estudos e Intervención Xerontolóxica do CEESG.
- **Data:** 23 de xaneiro de 2009.
- **Lugar:** Pontevedra. Sede da Fundación Caixa Galicia.
- **Prezos:** Colexiadas/os: 20 €  
Estudantes e persoas desempregadas: 30 €  
Outros: 40 €
- **Información e inscricións:** CEESG.

**CON DESCONTO  
PARA COLEXIADAS/OS**

Colabora:  OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA

NOVAS DOS BOLETÍNS

**EMPREGO**

- Concello de O Rosal:** Bases da convocatoria para a provisión dunha praza de persoal laboral fixo: informador/a xuvenil e animador/a sociocultural. BOP 17/11/08
- Concello de A Pobra de Brollón (Lugo):** Corrección de erros da Oferta de Emprego Público. Unha praza de Axente Local de Emprego. BOP de 03/12/08
- Concello de A Coruña:** Aprobación da Oferta de Emprego Público. Unha praza de Técnico de Apoio Social e Técnico Medio de Educación. BOP de 12/12/08
- Concello de Ponte Caldelas:** Aprobación da Oferta de Emprego Público. Unha praza de Dinamizador Cultural. BOP de 12/12/08 e DOG de 26/12/08
- Concello de Nigrán:** Aprobación da Oferta de Emprego Público. Unha praza de Axente de Desenvolvemento Local. BOP de 22/12/08
- Concello de Sarria (Lugo):** Anuncio da Oferta de Emprego Público. Unha praza de Animador/a Sociocultural. BOP de 24/12/08
- Concello de Barreiros (Lugo):** Anuncio da Oferta de Emprego Público. Unha praza de Técnico de Cultura. BOP de 31/12/08
- Concello de Vila de Cruces (Pontevedra):** Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Educador/a Familiar. BOE de 31/12/2008

**OUTROS**

**Ministerio de Educación, Política Social e Deporte:** Resolución pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. BOE 17/12/08

**Ministerio de Educación, Política Social e Deporte:** Resolución pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do Sistema para a autonomía e Atención á Dependencia. BOE de 17/12/08

**Ministerio de Traballo e Inmigración:** Resolución do Consello Económico e Social, pola que se convocan os premios de investigación, convocatoria ano 2008. BOE de 18/12/08

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria dirixida aos concellos interesados na realización de proxectos de envellecemento activo para as persoas maiores. BOP de 18/12/08. Corrección o 30/12/08

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria de Programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2009. BOP de 30/12/08.

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria de Programas de apoio á cultura e o deporte, dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos durante o ano 2009. BOP de 30/12/08.

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria de Programas de apoio á cultura dirixidos a entidades para actividades e investimentos durante o ano 2009. BOP de 30/12/08.

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades locais da provincia para desenvolvemento de servizos sociais e políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero, no ano 2009. BOP de 30/12/08.

**Deputación de A Coruña:** Convocatoria de subvencións a entidades sen fins de lucro para mantemento de investimentos de servizos sociais especializados, socio-sanitarios e de fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero, durante o ano 2009. BOP de 30/12/08.

**Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:** Resolución pola que se regula a concesión de subvencións a entidades privadas sen fin de lucro para incrementar os usos da lingua galega nas áreas de transmisión familiar e da mocidade que desenvolve o Plan xeral de normalización da lingua galega. DOG de 30/12/08

OUTRAS CONVOCATORIAS

**EMPREGO**

**Consortio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar.** Aprobación da Oferta complementaria de Emprego Público (para eliminar a temporalidade das prazas que foron ocupadas no 2007). 14 prazas de **intervención sociocultural**. [www.igualdadebenestar.org](http://www.igualdadebenestar.org)